

**Podemos Vigo
pide crear un
Consello da
Vivenda Social**



Páxina V

**Outono Cultural
en Arbo.
Concurso de
carteis da Festa
da Lamprea**



Páxina X

**A PLISAN
ampliara o seu
solo industrial
nun millón
de metros**



Páxina XI

**O obradoiro
"Salvaterra
Emprego III"
terá 500.000€**



Páxina XI

**BNG A Guarda:
"é inxustificada
a subida do 22%
no IBI"**



Páxina XIII



Na foto, Francisco Almuña, presidente da Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR), Xosé Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia e Cesáreo Pardo, presidente do Clúster Turismo de Galicia.

Casa de Galicia en Madrid acolleu a presentación do Outono Gastronómico

A Casa de Galicia en Madrid acolleu a presentación da 17ª edición do Outono Gastronómico de Turismo Rural, un programa que se desenvolverá do 15 de setembro ao 17 de decembro en 79 establecementos de turismo rural galegos co obxectivo de dar a coñecer o programa no mercado ma-

drileño. "Grazas ao AVE detectamos un incremento na chegada de viaxeiros vía Madrid polo que queremos seguir reforzando a promoción nesta comunidade que é o noso principal mercado nacional", explicou Xosé Merelles, director de Turismo de Galicia.

Páxina VII

MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros
Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, angulas,
coidado galego (xoves e domingos)

Hilario Serodio Grande
(xerente)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

café Dali Tapas

Desaiunos. Menú. Racións variadas.

988 25 10 79 Rúa Dali, 7. O COUTO (Ourense)

OPINIÓN

Por Roberto Mansilla Blanco

"Freio de man" para a axenda 'ultra'

Un revelador artigo de Enric Juliana intitulado "El Partido de la Ira" establecíase unha oportuna comparación sobre o retroceso electoral da ultradereita en España, Polonia e Arxentina. Sinala que "O Partido da Ira parece retroceder nas últimas eleccións democráticas", analizando os recentes resultados electorais nesas tres países, "realidades políticas moi diversas" pero "iso si, cun punto en común: VOX", tal e como escribe o autor.

Esta perspectiva ven a colación nun momento político tan volátil e atomizado como o actual. No meu editorial de agosto analizaba o "fenómeno Milei" na Arxentina e a súa conexión ibérica cun VOX que viña de sufrir un duro varapalo electoral nas xerais do 23X. Hai razóns suficientes para considerar que, como no 23X en España, o freio á ultradereita está manifestándose en ámbolos dous lados do Atlántico.

Tras obter unha importante vitoria nas primarias PASO en agosto, Milei mantivo a súa cota de votos (30%) na primeira volta das presidenciais arxentinas do pasado 22 de outubro pero superado polo peronista Sergio Massa (36%). A segunda volta en novembro anuncia a polarización Massa-Milei cunha variable: a terceira candidata, a tamén dereitista Patricia Bullrich (24% dos votos) xa anunciou publicamente que

lle daba o seu apoio a Milei. Por tanto, o excéntrico candidato libertario aliado de VOX ten oportunidades suficientes para ser o vindeiro presidente da Arxentina.

En Polonia pasou algo mais ou menos parecido. Nas eleccións xerais do 15 de



outubro o ultraconservador Lei e Xustiza (PiS polas súas siglas en polaco), no poder desde 2015, sufriu unha inesperada derrota ante o ex primeiro ministro de talante europeo Donald Tusk. A axenda conservadora ultradereitista en Polonia é unha permanente dor de cabeza para a UE. Non obs-

tante, Polonia é un aliado clave cada vez máis estratéxico para o 'atlantismo' na UE e na OTAN por mor da guerra en Ucraína contra Rusia. Os europeístas respiraron aliviados pola vitoria de Tusk, aínda que sexa pola mínima. Pero, como na Arxentina, non está nada decidido: o PiS pode seguir mantendo o poder se os equilibrios e as alianzas lle favorecen. Pero é evidente que sufriu un retroceso electoral que implicaría un cambio político en Varsovia con Tusk tendendo pontes con Bruxelas.

"Aínda que con retrocesos electorais, os amigos de VOX non descartan saír ao seu 'rescate'"

Quédanos España, aínda con goberno en funcións pero onde a coalición PSOE-Sumar acaba de acordar a redución da xornada laboral mentres as negociacións seguen con cataláns e vascos para ver se hai investidura de Pedro Sánchez. A oposición dereitista PP-VOX xa asume como un fait accompli un novo goberno de Sánchez. Con todo, a axenda 'ultra' segue instalada: mentres tentan atar a toda presa gobernos en diversas autonomías, é previsible que PP e VOX comencen a utilizar o recurso da rúa como instrumento vehicular das súas respectivas axendas políticas. Volven nas

redes as mensaxes de "se rompe España, a 'balcanización', o 'chavismo sanchista', etc.

Todo isto en tempos de guerra en Gaza, aínda tamén na Ucraína, toda vez os tambores da guerra soan no Líbano, Irán, no Cáucaso, China e Taiwán, etc, todos eles baixo o son daqueles acólitos dos "Partidos da Ira", por moito que a axenda "ultra" sufra retrocesos electorais en Europa e América Latina.

Pero non sería fiable descartar as súas posibilidades: mentres Polonia votaba por Tusk, a dereita conservou o poder en Ecuador con Daniel Noboa como novo presidente. Como xa comentamos, Milei pode gañar a segunda volta na Arxentina. México prepara "a fogo lento" a súa candidatura tipo VOX para as presidenciais 2024. Chile co 'pinochetista' Kast ten moitas posibilidades de avanzar electoralmente nun contexto de decisión constituínte. Se ben Lula consolídase na presidencia en Brasil, o "bolsonarismo" non está morto. En Europa temos a Giorgia Meloni en Italia, Viktor Orban en Hungría; en Eslovaquia ven de gañar un populista, Robert Fico, sinalado de "prorruso" crítico coa guerra en Ucraína; o "lepenismo", aínda que dividido, segue vivo en Francia. E así varios exemplos. Aínda que con retrocesos electorais, os amigos de VOX non descartan saír ao seu 'rescate'.



Por Francisco Peña. Científico, académico, experto en saúde ambiental.

A gobernanza ambiental nos concellos galegos

O meu percorrido itinerante durante catro décadas por toda a xeografía galega permitíume facer unha radiografía da saúde ambiental dos concellos galegos e unhas recomendacións para a súa mellora, que de forma sintética enumero a continuación:

Contaminación do aire. Desenvolver sistemas de vixilancia da calidade do aire e ter rexistros sanitarios para mellorar a vixilancia de todas as enfermidades vinculadas á contaminación atmosférica.

Cambio climático. É consecuencia do quecemento global provocado pola emisión de GEI. Establecer unha estratexia axeitada, especialmente nas poboacións costeiras que serán as máis ameazadas.

Contaminación acústica. É un gran problema sociosanitario que hai que loitar para tratar de manter os niveis de ruído ambiental dentro de marxes tolerables. É necesario elaborar mapas sonoros e aplicar as medidas correctoras oportunas.

Contaminación electromagnética. Precísanse novos estándares máis esixentes e protectores sobre os valores límite de exposición ás radiofrecuencias, baseados nos numerosos estudos biolóxicos realizados en todo o mundo, que as autoridades se-

guen ignorando.

Gas radón. A súa presenza en solos graníticos e os riscos que isto supón para a saúde das persoas, pon de manifesto a necesidade de adoptar as medidas necesarias para prever a súa incidencia no cancro de pulmón.

Ciclo integral da auga. Máis investimentos das administracións implicadas na xestión das infraestruturas de saneamento e abastecemento de auga, un mantemento

adequado das EDAR e EDAR, un maior control por parte da administración, son as claves do futuro.

Xestión integral de residuos. O obxectivo debería ser transformar o lixo en recursos, e avanzar cara ao desperdicio cero. Potenciar a recollida selectiva, co obxectivo de aumentar os tres R.

Urbanismo sostible. É necesario buscar o equilibrio no uso urbano, xunto coa mobilidade sostible e a integración na paisaxe. Xestionar adecuadamente os parques empresariais para minimizar o seu impacto ambiental e sanitario sobre a poboación.

Patrimonio natural e turismo sostible. É necesario protexer e conservar o patrimonio natural galego, como unha das potencialidades da nosa terra, para potenciar un turismo sostible e de calidade, que ten o Camiño de Santiago como buque insignia.

Todo o meu apoio ao poder local para que os concellos galegos camiñen polo camiño da sustentabilidade agora e sempre. ¡Qué así sexa!



Foto de familia de autoridades, relatores e asistentes do condado no XLI Curso de Saúde Ambiental celebrado no Castelo do Sobroso (Ponteareas, 2009).

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Coñecermos a historia para xulgarmos o presente

Condenar a violencia terrorista tanto do Goberno sionista de Israel como dos islamistas de Hamas e Hezbollah esixe xulgar e xulgar esixe coñecer. Coñecermos o que pasou nos últimos cento vinte anos na Palestina (pois que a historia comeza coa sistemática fundación polo movemento sionista de colonias xudías no territorio palestino pertencente ao Imperio otomano dende 1904) e, tamén, coñecer a diáspora xudía xerada polas invasións asiria (século VII a. de XC.) babilónica (VI a. de XC.), romana (anos 70 e 135), pola emigración a Alexandría do Exipto (III ao I a. de XC.) e polas múltiples represións, expulsións e pogroms antisemitas desenvolvidos na Europa, dende o século XIII até o holocausto nazi. Unha diáspora tamén acrecentada coa emigración dos milleiros de xudeus europeos que non tiñan xa moradia nin referentes despois do holocausto



e coa expulsión de centos de milleiros de persoas xudías despois de 1948 de Marrocos, Exipto, Irak e outros países árabes.

O antisemitismo padecido polos xudeus durante case dous mil anos fixo xurdir un proxecto nidiamente sionista que mercou terras, con fondos das grandes fortunas xudías (nomeadamente Rotschild), dende

a fin do século XIX na Palestina aos grandes propietarios árabes, beneficiarios da política prolatifundista e anticomunal do Imperio Otomano. Esta colonización sionista perseguíu un Fogar Nacional Xudeu que tencionaba que nas terras mercadas traballaran só xudeus, impondo a previa expulsión polos latifundistas árabes do arrendeiros ou aparceiros locais. O sionismo constituiu para os colonos xudeus na Palestina, asentados dende a fin do século XIX, o ADN da súa resposta a dous mil anos de discriminación e sufrimentos, máis extremos na Europa cristiá ca no mundo musulmán.

O mandato que recibiu o Reino Unido da Liga das Nacións para administrar Palestina (1919-1948) deu grande pulo a esta colonización xudía, até as serodias limitacións (1939-1946) que impediron a chegada de milleiros perseguidos polos nazis. Isto agravouse coa prohibición do Goberno laborista de Attlee de novas in-

migracións xudías (1946), cando 250.000 superviventes do Holocausto agardaban en campos de refuxiados na Alemaña e na Austria.



Mais o terrorismo sionista matou 92 persoas nun atentado contra a Comandancia británica de Palestina no hotel King David (22 xullo 1946) e Gran Bretaña renunciou meses despois ao seu mandato. En novembro de 1947 a ONU aprobaba unha Resolución na que propuña dividir case por metade o territorio do Mandato británico nun Estado de Israel e outro de Palestina. Os países árabes rexeitaron esta Resolución e non recoñeceron o Estado de Israel, proclamado en maio de 1948. Israel gañou a guerra que estourou entón e, no tempo do armisticio (1949), ocupaba máis terras das sinaladas pola ONU, expulsando do territorio a uns 800.000 palestinos, dende entón refuxiados. Nin eles nin os seus descendentes puideron voltar aos seus fogares.

Na vindeira semana seguiremos debullando a historia deste vello conflito.

Por Nemésio Barxa.

Genocidio

O Libro do Éxodo é o que podemos chamar libro fundacional do povo xudeu que fuge ou é expulso de Egipto e depós de vagar polo deserto e uma serie de vicissitudes, não comprovadas, aparece-lhes Deus que designa-os como povo de Deus e lhes promete possuir a terra e depois viver em paz. Não existe consenso sobre a realidade do relato, mas em qualquer caso só uma das promessas foi cumprida e transitoriamente, pois tiveram um Reino de Israel (que se dividiu em dois) durante pouco mais de 500 anos, polo ano 1.000 a.c.. Em paz não viverem nunca, pois não deviam ser vizinhos cómodos, porque forem expulsos polos egípcios, polo Império Asirio polo Império Babilónico e depois por Roma; depois do de Roma deverem convencer-se que o melhor seria espalhar-se por Europa e N. de África, mas o resultado é que forem expulsos polo



rei visigodo Sisebuto no ano 616, do Andalus (1.182), da França (1.182, 1.306, 1.321 e 1.394), de Inglaterra (1.290), de Áustria (1.421), do Ducado de Parma (1.488), do Ducado de Milan (1.490), da España dos Reis Católicos (1.495), de Lituânia (1.495), de Portugal

(1.496), do reino de Navarra (1.498), da Provença (1.500), de Brandemburgo (1.510), de Tunes (1.535), de Nápoles (1.541), de Genova (1.550 e 1.557), de Baviera (1.554), dos Estados Pontificios (1.569), de Oram (1.669), de Viena (1.667)... parece que em nenhum lugar tinham boa acolhida. O da Alemaña de Hitler é um episódio que deve avergonhar a toda a humanidade por sádico, inumano e brutal; claro que outras vítimas como o povo cigano e os republicanos espanhóis teñen menos reconhecemento.

Tampouco, quando a ONU acepta as exixencias sionistas de um Estado judeu na Palestina, respeita aos vizinhos pois entra no territorio com forza, declara a independencia unilateralmente, invade a franja reservada ao povo palestino provocando um exodo de mais de 700.000 persoas que nunca recuperarem seus fogares e bens. E mantem sobre o povo palestino por mais de 56 anos uma ocupação sufocante, com represalias, mortos, desprecio, destruições,

mais ocupações, levantamento de muros, e deses totalmente as resoluciones da ONU para ater-se á legalidade. Agora, no seu desprezo já não só aos vizinhos



senão ao conjunto de nações pede a demissão do Secretario Geral da ONU por manifestar que os ataques de Hamas a Gaza “não nascerem da nada”. O povo palestino está desaparecendo e ninguém faze nada, a EU esquece seus principios e os direitos humanos e os USA e GB colaboram no genocidio de Gaza sem admitir que Hamas não é Palestina, é um grupo armado (que alguns tildam de terrorista) que mata judeus para recuperar o espoliado e que Israel é um Estado genocida que massacra palestinos. O poder económico dos judeus somete aos governos, mentras o povo se manifesta a favor dos palestinos.

Quinta do Limoeiro, outubro do 2.023

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldes – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

OPINIÓN

Xosé González Martínez.

Restauración da memoria lingüística de Galicia en galego, agora e sempre.

Amoedo-Pazos de Borbén – 28 de outubro de 2023

O día amenazada choiva pero respectou a celebración ata o final; máis de cen de persoas ateigaron a igrexa de San Sadurniño de Amoedo para celebrarmos a restauración da memoria de MARISOL MÍGUEZ e RAÚL PEREIRA dous veciños entrañables da parroquia que a través dos seráns e da música tradicional que tanto amaban transmitiron á mocidade a lingua galega a través da recuperación do folcklore popular, e que curiosamente estaban soterrados cunhas lápidas escritas en castelán.

A campaña En galego, agora e sempre que a AFNLG ven desenvolvendo desde hai anos ten como finalidade facer pedagogía sobre a incoherencia de soterrar aos seres queridos con lápidas escritas nun idioma diferente ao que falaban en vida; tamén propónse sempre a colocación na entrada

do camposanto doutra placa en memoria de todas as persoas que xacen aquí, porque grazas a elas Galicia segue a ter cultura e lingua de seu. O concello de Pazos de Borbén entendeu perfectamente a nosa proposta colaborando plenamente no acto.

Carme Pérez Vaquero e Xosé González Martínez en representación da Asociación de Funcionarios fixeron fincapé na necesidade de involucrar a distintos sectores sociais, como agrupacións folkloricas, comunidades de montes, etc. para que se involucren nesta campaña de recuperación da identidade colectiva.

Participaron no acto Xosé Carlos, crego da parroquia de Amoedo que fixo un discurso contundente, emotivo e reivindicativo sobre o que significa ser galego e pertencer a un pobo cunha lingua e unha cultura diferenciada, alentando aos presentes a in-

volucrarse na defensa real e efectiva do noso idioma tamén no ámbito das derradeiras vontades.

Participou no acto o Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes, D. Xosé Alfredo Pereira, contestando á proposta da AFNLG que proporán a todas as C.Montes que se adopten acordos de pagamento das lápidas dos comuneiros que se fagan en galego.



O alcalde do concello de Pazos de Borbén D. Luciano Otero expresou o seu sentir e apoio a actos como este indicando que terán unha continuidade no tempo.

Carmiña de Soutomaior, amiga persoal de Marisol López, con quen compartiu seráns e moitas alegrías tivo palabras acaídas no seu recordo cantando unha fermosa cantiga.

Rosa, filla de Marisol e Raúl, e Andrea a súa neta, expresaron o seu agradecemento e o seu sentir con palabras acaídas de recordo e emocións, comprometéndose publicamente a defender a lingua e transmitirlla aos netos e fillos porque tamén nela viviron os seus pais e avós.

A nota musical no acto a puxeron Oscar Franco, tocando unha peza á zanfona así como varias agrupacións, a Coral de Santa María de Pazos de Borbén, que cantaron Unha noite na eira do trigo e Fistera; As pandereiteiras O Carballo das Cen Polas; O grupo de pandereiteiros

e pandereiteiras Regodobargo e outro grupo de Cabral que quixeron acompañar coa súa música a homenaxe a Marisol e Raúl.

Foi un acto de sentida emoción nun ambiente de recordo e alegría pero sobre todo un acto de recoñecemento a nosa lingua porque é o pegamento que nos une á terra e nos conforma como galegos e galegas.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

"A maleducancia"

Teño ganas hoxe de botar unha filípica ao redor dos maleducados representantes políticos que temos. Certamente están a desfacer o que moita xente fixemos nas aulas, como mestres e docentes, como persoas do común que quixemos endereitar condutas e palabras, tentando controlar e expresar debidamente sen ter que recorrer á innecesaria verborrea de agredir verbalmente, xa desde os alentos. Están normalizando a hipérbole e a esaxerada animalada. Van, entre eles, ver quen di a mentira máis grande, a esaxeración. O secuestro da verdade por entre "palabros" de escasísima condición e de grandísimo vituperio, que case non lles cabe na boca. Menten de tal xeito, excédense de tal forma, que ocultan a razón que puidera haber detrás. O peor do conto é cando os medios de "comunicación" popularizan esas intervencións cheas de insultos e fan unha imposición xorda da súa correspondencia, normalizando dalgún xeito o abuso e a resolución simplista por fóra do entendemento, da exposición sosegada das razóns, desa humilde condición de falar con propiedade e resistencia, que unha cousa non priva da outra, mesmo coa debida prestancia para ser entendidos e comprender, comprenderse, ouvirse, saberse e chegar a algo, a algures.

Ben sei que moitas veces custa moito refrear, baixar o ton. Mais é necesario dar

exemplo de cordura e de non agresión, de non maltrato na fala. Non se debe inculcar esa perentoria e fatídica forma de agredir e avergoñar, en realidade son malos tratos



e conducen unha vez máis a esa máquina de odios e de rancores, de crueldades que é unha onda máis de violencia e de exemplo innecesario, absurdo e contaminante das relacións humanas. Si, iso que fan en público ou privado, non queda alí senón que visibiliza as razóns que conducen ao trato humillante e de degradación das institucións nas que parlamentan, seica representándonos a nós. Ben sei tamén

que, por veces, xorde a indignación e nacen cargas de explosión que poderían arrasar. Mais todos debemos saber refrear e reconducir, evitar aquilo que tanto nos apetecería dicir, e revalorizar o valor dos significantes e significados, mesmo dos silencios, mesmo das intencións suíñas que a veces envolver as condenadas palabras que agreden. Aquela xente que pode ser exposta publicamente, desde as súas manifestacións elevadas, ten que ter a contención debida para non caer na exemplificación da afronta, da inconstancia que normaliza ese xeito de proceder, que naturaliza a aspiración do desentendemento en favor da agresión. Ademais tamén sempre cabe a desculpa, e facela pública é un acto de honra, para que se vexa que foi un erro elevar o ton máis do debido.

Habería que falar desas moitas situacións que forman parte dese punto de violencia que vivimos, que nos obriga a camiñar polo gume dun coitelo que fere, son tamén expresións que en si mesmas inducen á dúbida, enxúzan con falsidade, que menten con ruído e sen fundamento. Son maltrato e, desde el, queda moito por facer para rebaixar esa belixerancia continuada, esa agresiva forma das imaxes cheas de xenreira, de armas e de trampas, de calvarios, agresións e vergoñas. Si, son moitas as canles de radio e televisión, de prensa que divulgan esa agonía regresiva da violencia. Miren senón, nas canles e verán que son maioritariamente dramas, traxedias, prexuízos, danos. Entre os malabarismos para

vender cotas de audiencia, triunfa o mal por riba do coitelo, do entendemento necesario, do acordo. Debemos ir empregando estratexias preventivas para reconducir esta penalización en alerta, esta contumaz maneira de comportarse que conduce a unha espiral de odio que deixa tras de si un ronsel sen esperanza, de fracaso, de escaso valor, quizais enfermidade mental.

Na escola viva da vida e na escola das aulas debe privar ese principio de respecto. É lugar de asentamento e convivencia e ninguén debe corrixir o seu camiño se queremos unha sociedade como a que soñamos, máis xusta e equitativa. O certo é que nos estamos perdendo e xa na escola hai unha falta de valores que se fai evidente no trato, cheo de deficiencias e mala educación. Moita mala educación vén do ámbito social e da familia. Hai que reconducir a palabra e os feitos. A palabra debe ser mediadora e non implacable coitela que fenda e descontrola, despezando a quen agride. É notoria a falta de respecto por parte do alumnado ao profesorado, que procede da falta de respecto que a sociedade sente por eses profesionais do ensino. Unha mágoa, todo iso indica que estamos na antesala da maior das pobreza, a cultural. Moi preto da estupidez que tanto invade.



Os "100 primeiros días" de Luís López ao fronte da Deputación

No balance dos seus cen primeiros días de xestión, o presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López destacou a mobilización de máis de 18,5 millóns de euros por parte do goberno provincial (o 70% de cara aos Concellos) e máis de 270 actos nos que participaron os integrantes do goberno provincial, que dá unha media de tres e ata catro actos ao día. Deporte, medio ambiente, igualdade, mocidade, cultura e reto demográfico foron os programas máis destacados.

No eido turístico, a Deputación participou os días 18 e 19 de outubro en workshops en Barcelona e Alacante xunto a vinte empresas da provincia para promover o destino turístico Rías Baixas.



En canto ao programa Smart-Peme, a entidade provincial ofertou catro novas accións formativas para esta próxima semana no marco da súa carteira de obradoiros. Os cursos tratarán temas como a ciberseguridade e o uso da VPN, análise de datos para o desenvolvemento dun negocio ou sobre o

emprego da intelixencia artificial para a mellora e creación de imaxes.

Finalmente, López presentou aos 61 alcaldes e alcaldesas da provincia as liñas políticas que centrarán o seu mandato e que estarán baseadas na colaboración, a transformación e o municipalismo.

En marcha o "Plan + Provincia" con 48,2 M€



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, presentou este 16 de outubro o novo plan de obras e servizos da entidade provincial que levará o nome de +Provincia e estará dotado con 48,2 millóns de euros e que, segundo afirmou, é "a cifra máis alta da historia" destes plans de investimentos nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia e que marca "un antes e un despois".

O programa +Provincia incrementa nun 9,5 % o orzamento do anterior plan de investimentos, o Plan Concellos. Entre as novidades que incorpora o programa +Provincia están unha nova liña de financiamento, centrada de "proxectos de futuro" aliñados cos Obxectivos de De-

senvolvemento Sustentable e coas prioridades da Unión Europea así como tamén máis autonomía aos gobernos locais. "

Outra das grandes novidades presentadas polo presidente da Deputación foi o anuncio da sinatura dun convenio "pioneiro" coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) para que os concellos poidan ingresar as débedas fiscais que ata agora eran imposible de recadar. Tamén está un plan extraordinario de modernización das infraestruturas deportivas dotado con 4 millóns de eurose un novo Plan Estratéxico de Turismo. Tamén está o Plan +Aqua, dotada con preto dun millón de euros para axudar nas tarefas de abastecemento e explotación responsable dos recursos hídricos da provincia.

Podemos Vigo pide crear un Consello da Vivenda Social

A agrupación Podemos Vigo manifestou publicamente a necesidade de crear un Consello da Vivenda Social como órgano municipal na defensa dunha maior fiscalización e inspección das vivendas en réxime de alugueiro ante a "inexistente política de control de infravivendas" por parte do goberno municipal de Abel Caballero.

Podemos Vigo opina que este Consello debe estar formado pola Deputación de Pontevedra, a Xunta de Galicia e Concello de Vigo coa finalidade de desenvolver todas as medidas oportunas para mobilizar as vivendas baleiras e para



poñer a disposición das cidadanía viguesa un parque público de vivendas en réxime de alugueiro. Defendeu igualmente as condicións propias para unha "vivenda axeitada" como a seguridade na tenencia, a dispoñibilidade de servizos, a accesibilidade, habitabilidade, localización e adecuación cultural, entre outros factores.

tada" como a seguridade na tenencia, a dispoñibilidade de servizos, a accesibilidade, habitabilidade, localización e adecuación cultural, entre outros factores.

18 M€ para os GALP nas zonas costeiras

O Consello da Xunta analizou a convocatoria deste ano de axudas a proxectos que se desenvolvan ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) e que contan cun orzamento de 18,4 millóns de euros para iniciativas a desenvolver entre 2023 e 2025.

Trátase da primeira convocatoria destas achegas no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (Fempa) para o período 2021-2027.

Os potenciais beneficiarios destas axudas son pequenas e medianas empresas e persoas autónomas así como persoas xurídicas sen ánimo de lucro como as confrarías de pescadores ou outras entidades do sector. Para poder aplicar as estratexias de desenvolvemento local participativo, a Consellería do Mar seleccionou a finais do ano pasado oito GALP. Son os da Mariña-Ortega, Golfo Ártabro Norte, Golfo Ártabro Sur, Costa da Morte, SEO de Fisterra Ría de Muros e Noia. Costa Sostible, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo-A Guarda.

ANTOMS



17 OUTONO GASTRONÓMICO en turismo rural

DO 15 DE SETEMBRO
AO 17 DE DECEMBRO



www.turismo.gal

Outono Gastronómico en turismo rural

Outro ano máis o Outono Gastronómico en Turismo Rural de Galicia ofréceche a posibilidade de gozar dunha saborosa gastronomía facendo unha escapada en parella, cos amigos, en familia ou regalándote un tempo para ti só. Dende o 15 de setembro ata o 17 de decembro de 2023, as casas de Turismo Rural de Galicia celebran o seu "17º Outono Gastronómico", patrocinado por Turismo de Galicia. As casas rurais participantes ofrecerán dous menús distintos, exclusivamente concibidos para esta ocasión, elaborados cos mellores produtos galegos..

Ademais do "Menú Outono Gastronómico" tamén tes a posibilidade de adquirir o "Paquete Outono Gastronómico" -que permite degustar o Menú Outono Gastronómico

e pernoctar na casa de turismo rural elixida-, ou gozar da oferta completa coa "Fin de Semana Outono Gastronómico". E se queres compartir coa familia a fin de semana, podes apuntarte á oferta "Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico" (1 ou 2 nenos/as). Tamén poderás gozar do Outono Plus naqueles establecementos que oferten adicionalmente outras actividades complementarias como paseos a caballo, descenso en canoa, surf, sendeirismo, visitas culturais...

Podes facer a túa reserva para gozar destas experiencias os venres, sábados e domingos durante o período do 15 de setembro ao 17 de decembro, salvo dúas fins de semana concretas: 13 - 15 de outubro e 8 - 10 de decembro.



Guía Completa pdf
<https://tinyurl.com/ylzpavl3>

+info na web: <https://www.turismo.gal/que-facer/promocions-para-gozar-agora/outono-gastronomico>

enlace abreviado: <https://tinyurl.com/ys5qxtqf>

Casas Rurais participantes no Outono Gastronómico 2023

24 casas rurais na Coruña:

Muíño das Cañotas, en Cariño; Casa do Morcego, en Valdoviño; Casa Arpón, en Malpica de Bergantiños; Mar de Queso, en Carballo; La Rectoral de Cines, en Oza-Cesuras; Costa da Égoa, en Carral; Casa Grande do Soxal, en Oza-Cesuras; Casa das Fiadeiras de Nemiña, en Muxía; Casa Castiñeira, en Muxía; Casa Grande do Bachao, en Santiago de Compostela; Muíño de Pena, en O Pino; Casa Camino Real, en Melide; Pazo Santa María, en Arzúa; Casa Milia, en Arzúa; Casa Perfeito María, en Outes; Pazo de Brandeso & Country Club, en Arzúa; A Casa da Torre Branca, en Santiago de Compostela; Casa Brandariz, en Arzúa; Yoruba, en Ames; Fogar de Selmo, en Rois; Casa do Cruceiro, en Ames; Casa do Zuleiro, en Outes; Xanela da Lúa, en Carnota; Parada de Francos, en Teo.

22 casas rurais en Lugo:

Almacén, en Cervo; Os Tres Teixos, en Foz; Finca O Bizarro, en Trabada; Casa Norita, en Lourenzá; Longarela Casa Rural, en Castroverde; Casa de Baixo, en Lugo; Casa O Crego, en Cervantes; A Fervenza, en O Corgo; Pazo de Ludeiro, en Monterroso; Santa Mariña, en Portomarín; A Lareira, en As Nogais; Casa Caxigueiro, en Sarria; Casa das Triegas, en Folgoso do Courel; Casa Caselo, en Folgoso do Courel; Casa Ferreiro, en Folgoso do Courel; Pazo do Piñeiro, en Chantada; Casa Vilamor, en O Saviñao; Rectoral de Castilón, en Pantón; Casa dos Muros, en Pantón; Ferrería de Rugando, en Quiroga; Casa Grande de Rosende, en Sober; Rectoral de Anllo, en Sober.

17 casas rurais de Ourense:

Vila Centellas, en Coles; La Rectoral de San Eusebio, en Coles; Casa Grande de Cristosende, en A Teixeira; Reitoral de Chandrea, en Parada de Sil; Eido das Estrelas, en A Veiga; Casa Ramirás, en Ramirás; Casa Rural Vilaboa, en Allariz; Pousada

Torre Lombarda, en Allariz; Rectoral de Ansemil, en Celanova; Casa Sabariz, en Rairiz de Veiga; Aldea Couso S. L., en Sarreaus; Casa do Mosteiro, en Xinzo de Limia; Rectoral de Candás, en Rairiz de Veiga; Aldea Rural Santo André, en Rairiz de Veiga; Casa Baralló, en Lobios; Retiro do Conde,

en Monterrei; Casa da Feira, en Lobios.

16 casas rurais en Pontevedra:

Casa San Ginés, en Vila de Cruces; A Casa da Botica, en A Estrada; Torres de Morreda, en A Estrada; Casa Grande de Fuente Mayor, en Silleda; A Pedreira, en Cuntis; Torre do Río, en Caldas de Reis; Casal dos

Celenis, en Caldas de Reis; Casal do Umia, en Cambados; A Pastora, en Cambados; Casal de Folguezas, en Meis; A Casa de Larche, en Vilaboa; Casa Videira, en Bueu; Lugar dos Devas, en Covelo; A Cantaruxa Maruxa, en Mondariz; Pazo da Escola, en Gondomar; Rectoral de Areas, en Tui.



Paquete Outono Gastronómico

Inclúe o Menú Outono Gastronómico e a estancia na casa de turismo rural elixida (noite de venres ou sábado a escoller), co almuerzo do día seguinte dentro da oferta.

160 €/2 PERSOAS
EN CUARTO DOBRE

100 €/1 PERSOA
EN CUARTO INDIVIDUAL



Fin de Semana Outono Gastronómico

Inclúe dous Menús Outono Gastronómico por persoa e aloxamento e almorzos para as noites de venres e sábado.

250 €/2 PERSOAS
EN CUARTO DOBRE

160 €/1 PERSOA
EN CUARTO INDIVIDUAL



Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico con 1 neno/a

Inclúe dous Menús Outono Gastronómico por cada adulto e dous menús infantís por neno/a, aloxamento en cuarto dobre con cama supletoria (noites de venres e sábado) e almorzos para toda a familia os dous días.

300 €/2 ADULTOS
+ 1 NENO/A
(ATA 14 ANOS)



Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico con 2 nenos/as

Inclúe dous Menús Outono Gastronómico por cada adulto e dous menús infantís por cada neno/a, aloxamento en dous cuartos dobres (noites de venres e sábado) e almorzos para toda a familia os dous días.

340 €/2 ADULTOS
+ 2 NENOS/AS
(ATA 14 ANOS)



Outono Plus

Consulta establecementos e actividades en [turismo.gal](https://www.turismo.gal)



Menú Outono Gastronómico

Inclúe entrante, primeiro e segundo prato, sobremesa e viño Denominación de Orixe galega.

35 €/1 PERSOA

OURENSE

Foro da Castaña en Riós



O II Foro da Castaña celebrouse en Riós para reunir a representantes do sector para fomentar a participación colectiva, o intercambio de información e establecer canles de comunicación entre os axentes que interveñen na cadea de valor do castiñeiro.

José Luis Chan, director xeral de Ordenación e Planificación Forestal, puxo en valor o Programa Estratéxico do Castiñeiro e da Produción de Castaña en Galicia que prevé recuperar 8.000 hectáreas de soutos e de plantar 16.000 máis que se destinarán

para a produción de madeira e froito desta especie, enmarcado no Plan Forestal 2021-2040 “Cara a neutralidade carbónica”.

Outro dos temas que resaltou foi a futura orde que establecerá modelos de estatutos para agrupacións forestais de xestión conxunta e os modelos tipo para constituír dereitos de uso e aproveitamento en Galicia. Salientou que esta norma busca impulsar a creación deste tipo de entidades que teñen obxectivo a protección do ambiente, a prevención dos incendios e o fomento do desenvolvemento rural.

José Martel, xefe de servizo de Saúde e Vitalidade do Monte, falou sobre as pragas e as enfermidades que sofren os castiñeiros en Galicia e de que xeito está actuando a Xunta para xestionalas. Raquel Blanco, da Áreas de Soutos da Consellería de Medio Rural, abordou os beneficios das agrupacións de xestión conxunta como ferramenta de recuperación de soutos. A isto engadiulle o plan piloto que se está a desenvolver en Galicia. O Foro da Castaña de Riós rematou cunha última xornada na que se realizou unha visita técnica á comarca do Bierzo, en León.

Castaña de Galicia en Lugo e Ourense



Mesa con variedade de castañas de Chantada.

En Galicia hai preto de 50.000 hectáreas de castiñeiro e os soutos abarcan unha superficie de case 27.000 hectáreas. A súa presenza é maioritaria no interior e nas montañas de Ourense e Lugo, cunha produción duns 20 millóns de quilos. Estes produtos están amparados pola Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia, garantindo un selo de calidade.

Ademais, Galicia é a principal rexión en produción e exportación de castañas a nivel nacional. De feito, absorbe máis da metade da produción de castañas de España e unha porcentaxe similar das empresas comercializadoras

e as industrias de primeira e segunda transformación vinculadas a este aproveitamento forestal.

No que respecta á comercialización, a castaña galega e os seus produtos transformados destínanse maioritariamente aos mercados internacionais e están presentes en case 30 países de todo o mundo.

A castaña é un dos froitos máis senlleiros de Galicia. Pódense comer crúas, cocidas, asadas ou doces. Ademais, coa fariña de castañas elabóranse pans, pasteis e cremas.

Nos últimos anos, a recuperación de receitas tradicionais e outras innovadoras deron un novo pulo ao sector.

A OFICINA
Bar de pinchos

**Magosto día 9 novembro
ás 7 da tarde**
Castañas, panceta e chourizos

Tlf. 988 31 80 83
Juan de Angas, 12
O COUTO (Ourense)

Café-bar PENELA

Menú.
Tapas.
Racións.
Terraza
interior.

Avda. Monforte, 63. Tfnos 982 440 659 / 646 886 457. CHANTADA

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

Torremolinos
café - bar

Marcelo Macías, 35
Tlf. 988 231 107
OURENSE

Repostería con base de fariña de castaña



Sofragal é unha sociedade cooperativa galega situada na Ribeira Sacra, que se dedica á xestión de soutos para a obtención de castaña do Concello de Nogueira de Ramuín que transforman en castaña seca e fariña de castaña. Así mesmo realizan repostería con base principal de fariña de castaña. Son características as bicas e galletas con fariña de castaña.

A cooperativa de pequenos produtores buscan recuperar a tradición da castaña na Ribeira. Actualmente xestionan 15 hectáreas de soutos cunha produción máxima anual de 50 toneladas de castañas. En 2013 creouse a cooperativa que comezou a recuperar soutos de castiñeiros, dos que recolleron os seus froitos e posteriormente seleccionáronos para a súa venda en fresco.

“Grazas ao noso esforzo e coas ganas de dar un paso máis, en 2019 decidimos enga-

dirle un novo valor ás nosas castañas, creando unha pequena industria agroalimentaria para a súa transformación en castañas secas e fariña de castañas en Luínta. Tras un meticuloso proceso de selección, secado e/o envasado, comercialízanse os nosos produtos ao mercado”, sostén Dositeo Álvarez.

Realizaron un investimento de 359.562,79 € percibindo unha subvención a fondo perdido de 161.803,26 € da Xunta de Galicia e Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente - medida 4.2 de apoio a investimento en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos- Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020- Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. En 2021 comezaron coa comercialización de bicas e galletas con base principal de fariña de castaña.

Soletes de Repsol para Ourense



Constantino Iglesias no Tizar.

Aguía Repsol suma un total de 350 establecementos, catro deles de Ourense. Son Tizar, A Terraza do Paolo, Tapa Negra e Portovello. “Onde a ebulición é tan constante e a oferta é tan ampla que ás veces custa elegir. O noso equipo de expertos en gastronomía recomenda os establecementos que, en certa forma, son un reflexo de cada cidade. Seleccionamos eses lugares con propostas apetecibles e bo ambiente, nos que descubrir recunchos das distintas cidades de España”, sostén o equipo de Repsol.

Constantino (Tino) Iglesias, de Tizar, sinalou: “Fago este traballo con agarimo e dedicación porque é o único que sei facer. Nunca busquei mencións nin recoñecementos, pero teño que dicir que

me fai moita ilusión”. E agrega: “Isto é do meu equipo e, sobre todo, de Diego Amorín, o xefe de cociña de Tizar, que leva ao pé do canón desde que abrimos, fai cinco anos, e encargouse de crear a carta desde cero”. Tino dedícase á hostalería desde os 18 anos.

O ano pasado recibiron o seu galardón en base ás súas tapas, no apartado de bares, tascas e barras, os seguintes. Polas súas croquetas, tortillas e touciño entrefebrado, O Rei do Xamón, na praza Eironciño dos Cabaleiros. O xamón asado e os afumados do Fuentefría, na rúa Viriato, quedan tamén cun Solete. E o Orellas, na rúa da Paz, coas súas racións deste prato típico da gastronomía galega e a súa especialidade en embutidos ibéricos.



CONDADO/PARADANTA

Outono cultural en Arbo

O Concello de Arbo presentou a súa programación cultural para este outono de 2023:

20 de outubro: Infoconsumo ás 12:00 horas: Dereitos básicos das persoas consumidoras: como reclamar, no Salón de Conferencias do Museo Arbo; 27 de outubro: Infoconsumo ás 12:00 horas: Servizos financeiros e bancarios: conta de pago básica, tarxetas... no Salón de Conferencias do Museo Arbo; 28 de outubro: Galicia sabe AMar de 12:00h a 15:00h e de 18:00h a 21:00 horas na Praza do Concello; 31 de outubro: 17:00 horas a 20:00 horas

FESTA DE SAMAÍN no Auditorio do Centro Multiusos de Arbo

3 de novembro: Infoconsumo ás 12:00 horas: Servizos no fogar: luz e gas, no Salón de Conferencias do Museo Arbo; 10 de novembro: Infoconsumo ás 12:00 horas: Consumo responsable e decisións de compra: prezos, etiquetado.... no Salón de Conferencias do Museo Arbo; 15 de novembro: Ás 17:00 horas VII Magosto Popular na Praza do Concello. Castañas, chourizos e música; 25 de novembro: "Concerto de Santa Cecilia", no auditorio do Centro Multiusos de Arbo. Organizado pola Banda de Música de Arbo coa colaboración

do Concello; 26 de novembro: Ás 10:00 horas "II Carreira contra a Violencia de Xénero", saída dende a PRAZA CONSISTORIO

Durante los meses de Outubro a Decembro de 2023 realizaranse os seguintes talleres para o alumnado do C.E.I.P Antonio Carpintero sobre a "Educación en emocións", cos grupos de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e consistirá en 3 sesións de 60 minutos cada curso e un obradoiro sobre educación Afectivo- Sexual, para os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria consistente en dúas sesións de 50 minutos cada unha por curso.

Concurso de carteis e redacción da "LXIV Festa da Lamprea"

O Concello de Arbo convoca un ano máis o concurso de carteis e redacción para os alumnos matriculados no C.E.I.P Antonio Carpintero, con motivo da celebración da "LXIV Festa da Lamprea" prevista para os días 26, 27 e 28 de abril de 2024.

Só poderán participar os

alumnos matriculados neste instituto, no que participarán os alumnos de 3º a 6º de primaria. Os premios consistiran en material didáctico, xogos, entre outros. A presentación ata o 25 de xaneiro de 2024 no Colexio C.E.I.P Antonio Carpintero e o 29 de xaneiro de 2024 no Concello de Arbo

As parroquias do Covelo reclaman a falta de subministro de gas

O Concello de Covelo tentou acordar unha solución coa empresa subministradora, GASCÍES S.L. Vigo ao longo das diferentes chamadas e reclamacións enviadas desde comezos de 2023 por parte dos veciños das parroquias de permanecer ata dous meses sen subministro de bombona de gas.

O alcalde Pablo Castillo tras-



ladou á xefatura territorial da Consellería de Economía, Industria

e Innovación o seu malestar ante a falta de seriedade da empresa subministradora por advertir que deben trasladarse á gasoleneira de Paraños para mercar a bombona ante a falta de persoal. Ademais, esta situación prexudica ao sector hostaleiro que tamén se ve na obriga de desprazarse a mercar as bombonas interrompindo así o seu traballo diario.



Con motivo da Jornada Europea de Patrimonio Termal organizada por la Asociación Europea de Ciudades Termales Históricas y el Gdr Condado Paradanta y dentro de la programación diseñada por el GDR Condado-Paradanta estuvo la visita al Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea

"Arabo", así el pasado viernes día 13 contamos con la presencia de los participantes en estas sexta jornada termal que disfrutaron de la historia, tradición, enogasteonomía y cultura milenaria de Arbo a través de los vídeos y paneles informativos de nuestro Museo." y fotografías.

expert SanFer

986 648 270

R/ Entrecíns, 12
36440 AS NEVES

www.sanfer.net
sanfer@sanfer.net

CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN EDITORIAL

■ FOGAR DO LIBRO USADO
■ OBRADOIROS
■ RECITAIS
■ TERTULIAS
■ PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

Talleres Guiller Motor

Pozo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel/Fax 986 66 15 41

(SPG)
TALLERES

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

CAFÉ-CONCERTO

vagalume

RUA MARQUES DE VIANA DE, SALVATIERRA DE MIÑO

www.vagalume-salvatierra.info

entradas en negatima.reflexion.com

Agrícola "A Sementeira"

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Tel/fax: 986 65 93 94 - 606 74 60 09

c/ Pazo Galicia, 2 Bajo - SALVATIERRA DE MIÑO (al lado del IMA)

SALVATERRA DE MIÑO

"Salvaterre Emprego III" terá 500.000€

O Concello de Salvaterre contará en breve cun novo obradoiro de emprego "Salvaterre Emprego III" cunha financiación de máis de 500.000 euros, en colaboración coa Consellería de Promoción o Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

A través deste obradoiro se posibilitará que un total de 20 persoas desempregadas se formen e capaciten nas especialidades formativas ofertadas do ámbito forestal e xardinería, coa finalidade de mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas do municipio.

Salvaterre Emprego III terá unha duración de 12 meses nos cales o alumnado traballador ad-



quirirá os coñecementos necesarios mediante a realización de tarefas que responderán á prestación do servizo en si. O único requisito para participar no obradoiro é estar dado de alta na oficina de

emprego de Ponteareas como demandante de formación nas ditas especialidades. Non se pedirá formación previa e os colectivos con máis dificultade na inserción laboral terán prioridade.

0 bádminton salvaterrense triunfa en Perú

A xogadora de bádminton Lucía Rodríguez ven de acadar un ouro e unha prata no Perú International Series. A cidade de Lima foi testemuña do nivel da Salvaterrense, quen conquistou o metal dourado en DF xunto a Paula López e a prata en DX xunto a Rubén García.



España-Portugal de Fútbol Sala Feminino en Salvaterre

A Selección Española Absoluta Feminina de fútbol sala volta a Galicia este mes de novembro. O combinado dirixido por Claudia Pons disputará dous partidos amigables entre España y Portugal en Verín e Salvaterre logo do acordo ao que a Real Federación Galega de Fútbol chegou cos dous concellos. Un dobre compromiso entre as dúas grandes potencias do fútbol sala feminino euro-

peo, que volverán a verse as caras logo de medirse por última vez na semifinal do Europeo en Debrecen (Hungria), onde a selección española se proclamou campiona de Europa.

O primeiro dos partidos será o martes 7 de novembro ás 18:30 horas en Verín e o segundo será o día 8 en Salvaterre do Miño ás 19:00 horas. Os dous encontros poderán verse a través de Teledeporte e RTVE Play.

A PLISAN ampliará o seu solo industrial

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou que en novembro o Goberno galego aprobará a ampliación da superficie empresarial da PLISAN, polo que se rematará así "un proceso xa iniciado hai bastantes meses para darlle a cualificación industrial a un millón de metros máis aquí para poder seguir medrando", indicou en relación aos máis de catro millóns de m2 de solo industrial que quedarán dispoñibles.

Rueda realizou esta declaración durante o acto de inicio das obras do apartadoiro ferroviario da plataforma loxística, que fará posible



que a zona conte con conexión ferroviaria no 2025. A Xunta destinará 2,7 millóns de euros nos orzamentos de 2024 dos 5,7 M€

que está previsto que aporte ao conxunto do apartadoiro. Actualmente están adxudicadas 13 parcelas a 6 empresas.

Competencias dixitais para o emprego

O Concello de Salvaterre informou de que xa abriu o prazo de inscrición no curso de "Competencias Dixitais para o Emprego" do Plan Corresponsables de Femupo. Este obradoiro impartirase no modo presencial e está dirixido a

homes e mulleres de máis de 16 anos que estean interesados en formarse. Celebrarase o 24 de novembro de 10:00 a 13:00 na Casa do Conde da vila, con número de prazas limitado.

Salvaterre entra na Rede Estatal de Centros de Capacitación Dixital

A subvención de 24.500 euros procedente do Ministerio de Educación e Formación Profesional posibilitará a posta en marcha do Centro de Capacitación Dixital en Salvaterre. A Subdirección Xeral de Planificación e Xestión da Formación Profesional acaba de informar da resolución de concesión de axudas para a creación

dunha rede estatal de Centros de Capacitación Dixital da que Salvaterre de Miño formará parte.

O centro impartirá formación á cidadanía en competencias dixitais transversais, cursos de dixitalización aplicada, enfocados en competencias dixitais básicas, contemplándose a asistencia presencial.

El Rincón de Mary

SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

PANADERÍA A BROA CAFETERÍA

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterre de Miño
C/. Rosalia de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

Qué Pelusilla!

que.pelusilla ☎ 687 34 85 87

C/ RAÍÑA DOÑA URRACA, 20
36450 SALVATERRA DE MIÑO

BAIXO MIÑO

TUI

Nace MERCATUS, Agrupación Europea de Interese Económico Transfronteirizo

O Arquivo Municipal de Valença - Alberto Pereira de Castro foi o escenario da presentación da Agrupación Europea de Interese Económico Transfronteirizo - Galicia | Norte de Portugal, unha iniciativa desenvolvida de forma conxunta entre a Cámara de Comercio de Tui e a Confederação Empresarial do Alto Minho (CEVAL).

Mercatus nace co obxectivo de estimular as relacións e o desenvolvemento económico entre Galicia e o Norte de Portugal. Durante 2023 e 2024, está previsto levar unha serie de accións en virtude da creación da Eurorrexión, xantares trasfronteirizos para reunir ao empresariado e a outros axentes locais, sesións de networking



co empresariado, realización de talleres e conferencias para compartir as experiencias dos emprendedores, creación dunha base de datos do parque empresarial do territorio Mercatus, estudos

transfronteirizos para percibir as necesidades dos distintos axentes e benchmarking territorial (organización dunha Conferencia Empresarial Transfronteiriza de Río Miño)

Obradoiro de emprego formou en forestal e na madeira

Este 19 de outubro tivo lugar a clausura do obradoiro dual de emprego "Senda Peonil do río Furnia" tras un ano de formación e traballo que permitiu culminar unha senda de 4.650 metros á beira do río Furnia nas parroquias de Malvas e Pexegueiro. O acto de clausura contou coa presenza do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, así como doutros membros da Corporación.

Este obradoiro supuxo un investimento cercano aos 700 mil euros dos que 503 mil euros foron aportados pola Xunta e 160 mil polo Concello. Nestes doce meses o alumnado da especialidade de Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes levou



a cabo a limpeza e roza da zona, melloras no camiños e senda, eliminación de especies invasoras e lixo do cauce fluvial, e elaboración de escadas con troncos de madeira entre outras actuacións. Os alum-

nos e as alumnas de Montaxe e instalación de construcións de madeira construíron varandas, pasarelas, escadas, pontes biapoñadas, ramplas, e toda a sinalización da senda.

1,3 millóns € para a reforma da Praza de Abastos



Tras aprobar en sesión plenaria cos votos a favor do equipo de goberno (PSOE) e a abstención da oposición (PP, BNG e C21), o Concello de Tui vén de adxudicar a obra de reforma da Praza de Abastos á empresa tudense Plaintec por un

importe de 1.322.706,42€.

As obras de reforma integral da Praza de Abastos terán un prazo de execución de 8 meses, debendo estar rematadas o 30 de xuño de 2024 ao estar financiadas nun 80% con fondos europeos Next Generation.

Concurso escolar para a postal de Nadal 2023

A concellería de Ensino, Cultura e Mocidade convocou unha nova edición do Concurso de Debuxo Escolar "O Nadal en Tui" para a elección da postal de Nadal 2023, dirixido ao alumnado de Primaria.

O prazo de presentación dos traballos remata o 22 de novembro. A obra gañadora do

concurso será a postal do Nadal do Concello de Tui. Establécese un primeiro premio consistente nun lote de material educativo e de pintura por valor de 100 euros. O segundo premio será lote de material educativo e de pintura por valor de 50 euros, e o terceiro premio un lote dese material por valor de 40 euros.

"Toponimízate" no Centro Cultural de Randufe

Este 26 de outubro chegou ao Centro Cultural de Randufe a campaña "Toponimízate. Falámosche dos nomes da túa terra", iniciativa de divulgación da toponimia galega, coordinada pola RAG, Real Academia Galega, en colaboración

coa Xunta de Galicia, o Concello de Tui e a Asociación Cultural Xuntanza de Randufe. A charla foi realizada por Vicente Feijoo, coordinador técnico de Galicia Nomeada e especialista en toponimia do Seminario de Onomástica da RAG.

EB BIMCA, S.L.

**Ferretería - Material de Construcción
Electrodomésticos**

Rosalía de Castro, 99. Tef: 986 659 362 - 986 658 514
SALVATERRA DE MIÑO

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

TUI

Encontro do Concello co xurado de Vilas en Flor

O Concello de Tui e dous membros do xurado de Vilas en Flor realizaron un encontro este 16 de outubro para visitar diversos sitios do municipio avaliando o patrimonio vexetal e paisaxístico; o respecto polo medio ambiente e a sostibilidade; e o uso social e as sinerxías coa actividade turística.

No encontro percorreron a senda fluvial a carón do Miño dende a Mariña, coñecendo de primeira man a nova pasarela peonil sobre a desembocadura do río Louro; a senda do río Furnia; o barrio de Riomuiños; as rúas Antero Rubín, Lugo e Colón; e a ponte da Veiga do Louro, un tramo en pleno Ca-



miño de Santiago.

O Concello de Tui forma parte de Vilas en Flor dende o ano 2020, contando na actualidade

con dúas Flores de Honra. A entrega dos galardóns Vilas en Flor 2023 terá lugar nun acto público a finais do outono.

Tui e Versmold celebran dez anos de irmandade

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o concelleiro de Deportes, Rafael Estévez, e unha delegación do clube Tyde visitaron a cidade alemá de Versmold para participar nos actos de conmemoración do décimo aniversario de irmandamento. A delegación tudense devolveu así a visita realizada polas autoridades de Versmold a Tui encabezada polo burgomestre Michael Meyer-Hermann, con motivo das Festas de San Telmo.

Este irmandamento reflicte a herdanza histórica da emigración tudense, principalmente das parroquias de Paramos e Baldráns, a esta cidade alemá que conta cunha importante industria cárnica. Destaca a existencia da Asociación



Tui-Versmold. Estúdanse e vías de colaboración en materia cultural e deportiva. A visita serviu para explorar novas vías de relación

vinculadas ao Camiño de Santiago, tendo en conta que preto de Versmold pasa a ruta xacobeá entre Osnabruck e Aachen.

A Catedral recibirá 1,4 M€ para a súa musealización



A Xunta de Galicia vai destinar 1,4M€ para mellorar a visita cultural á Catedral de Tui. Así o anunciou o conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, nunha visita xunto ao bispo da Diocese de Tui-Vigo, Luís Quinteiro, na que avanzou que xa están en marcha os primeiros traballos, centrados na restauración de diferentes elementos escultóricos.

Estas actuacións están incluídas no Plan Catedral, que prevé unha achega global de

9,4M€ neste ben co horizonte de 2027, e dan continuidade ás obras rematadas no Pazo Episcopal esta mesma semana. O conselleiro engadiu que as intervencións van permitir “revalorizar a impulsar de xeito patrimonial o papel dun dos principais templos do Camiño Portugués e da provincia de Pontevedra que ten no seu pórtico unha das primeiras manifestacións do gótico da historia de Galicia” de cara o seu 800 aniversario, que se celebrará no ano 2025.

Volve o Mercado de Nadal

O Paseo da Corredoira inundarase do espírito do Nadal do 1 de decembro ao 5 de xaneiro de 2024 coa celebración do Mercado de Nadal organizado polo Concello de Tui. Doce casetas de madeira, coidosamente decoradas, albergarán os distintos postos de artesanía, gastronomía, decoración, agasallos, plantas... que abrirán diariamente achegando unha ampla variedade de produtos vinculados a esta época festiva.



GL3

Muebles, descanso y decoración

Calle Orense, 4 - 36700 - TUI
Tlf: 986 60 30 54 - 639 83 86 72

Talleres Silva
MECÁNICA
CHAPA
PINTURA

Lugar A Sangría, s/n - A GUARDA.
Telf: 986 614 281 - 698 155 549 silvatalleres@gmail.com

LA GRAN MANZANA
CAFÉ & HELADERÍA
Paseo de Calvo Sotelo, 31. Tui

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

BNG A Guarda: "é inxustificado a subida do 22% no IBI"

O grupo municipal do BNG na Guarda non apoiará a suba da contribución (IBI) do 22% que o Partido Popular e Fariñas pretenden facer pagar á veciñanza do municipio. Para as e os nacionalistas a subida do gravame do 0,5 ao 0,61 está totalmente "inxustificada", xa que non está sustentada en ningún tipo de estudo económico nin suporá ningunha mellora directa para a vila nin en servizos nin en investimentos. O BNG destaca que a suba só fará que a veciñanza da Guarda soporte unha das presións fiscais



máis altas da provincia, posto que só Vigo e Pontevedra cobran por riba da cifra proposta polo novo alcalde Roberto Carrero.

"Cultiva a Mente" chega a tódalas parroquias tudenses

Traballar na prevención e promover un envellecemento activo da poboación maior de 55 anos son parte dos obxectivos do programa "Cultiva a Mente" organizado e financiado polo Concello de Tui, que dende hai cinco anos se realiza en colaboración de AFAGA, a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia.

"Cultiva a Mente" iniciou a súa sexta temporada presentando



coma novidade que por vez primeira contará con sesións semanais en todas as parroquias, ao incorporarse Baldráns e Paramos.

A Eurorrexión, referente da cooperación transfronteiriza

A Xunta sitúa a Eurorrexión Galicia-norte de Portugal como referente na cooperación transfronteiriza. Así o manifestou o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, durante o acto de inaugu-

ración do Encontro Anual Interreg 2023 en Santiago de Compostela.

Neste sentido, Galicia se sitúa como a rexión que máis medrou en termos de PIB per cápita de toda España, un 3,2% de media anual entre os anos 2000 e 2021.

Para o responsable da Facenda galega, estes datos son un exemplo claro de como a xestión eficaz e eficiente dos fondos europeos redundou na mellora da competitividade, a modernización e transformación da economía galega.

"O Concello da Guarda debe 600.000€ en facturas"

Roberto Carrero, alcalde da Guarda, cualificou de "calamitosa situación económica herdada no Concello", afirmando que non teñen para pagar a provedores. Polo tanto, as empresas e autónomos que veñan cobrar as súas facturas non van cobrar "ata o 2024".



Óscar Alonso, concelleiro de Economía, explicou que "o Concello da Guarda debe nestes momentos máis de 600.000 euros en facturas porque non temos crédito para pagar. O anterior equipo de goberno do PSOE dilapidou o diñeiro que tiñamos aforrado nas arcas municipais para todo o ano 2023 antes de deixar o goberno. En decembro de 2021, tiñamos aforrado 2.000.000 euros; en decembro

de 2022 quedaban 700.000 euros; e o 17 de xuño de 2023, cando entramos a gobernar, o saldo era xa negativo - 132.318,68 euros, con facturas sen pagar desde abril e sen diñeiro para abonar as facturas do últimos seis meses do ano". Xustificou así a necesidade de aprobar un novo orzamento municipal e aumentar os ingresos vía suba do IBI.

Un campión do mundo á conquista do Trega



No marco do décimo aniversario do Trail do Trega a celebrarse o 19 de novembro, un dos grandes atractivos será a presenza de Luís A. Hernando, tripla campión do mundo de Triatlón.

Xogador do Burgos, (Adidas Terrex), Hernando tamén conseguiu o Mundial de Ultras e

unha medalla de bronce ao mérito deportivo outorgada pola Real Orde do Mérito Deportivo. O Trail do Trega será a terceira e última competición correspondente á Liga Pontevedra Trail 2023, despois das do Monte Aloia e Muíños do Folón, poñendo punto e final á liga para este ano.


**GASOLEOS
TEA**

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO


PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61




Óptica mahen

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-35-800116

PONTEAREAS

rúa senén caído, 4

Tomiño entra na directiva da Rede Cidades que Camiñan

O concelleiro de Planificación Estratéxica, Territorial e Económica, Uxío Benítez, foi elixido en asemblea xeral para formar parte os vindeiros catro anos da Xunta Directiva da Rede Cidades que Camiñan, unha asociación sen ánimo de lucro que ten como principal obxectivo que as e os peóns sexan os máximos protagonistas da mobilidade urbana e do espazo público. A rede está conformada por 80 cidades asociadas e tres deputacións que suman case 10 millóns de habitantes.

O pasado ano, o Concello de Tomiño foi o gañador do Premio



'Cidades que Camiñan' 2022 pola transformación da Praza Antonio Fernández de Goñán, un galardón

que recoñece aos municipios que promoven accións destacadas en favor da mobilidade peonil.

Piden Plan Municipal para o comercio local tomiñés

Da man súa voceira Lara Meneses, o grupo municipal do PP de Tomiño vén de solicitar públicamente, a través dunha moción para o seu debate plenario, a posta en marcha dun plan municipal con iniciativas para promover o comercio local, especialmente de cara á chegada da campaña de Nadal.

Tras realizar un percorrido polo comercio local, Meneses constatou que o sector "atópase afogado" e con "dificultades de aparcamento e a inexistencia de actividades e dunha axeitada dinámica socio-cultural". Velaí que o PP local



esixe ao goberno municipal que se comprometa a destinar unha partida orzamentaria para pro-

moción e a realización de campañas periódicas durante todo o ano.

A comisaria europea Elisa Ferreira interesase pola Eurocidade Tui-Valença

No marco do Encontro Anual Interreg 2030 que se celebrou en Santiago de Compostela, a comisaria Europea de Cohesión e Reformas, Elisa Ferreira, visitou Tui para conversar cos distintos axentes implicados na cooperación transfronteiriça no marco do programa Interreg-POCTEP e coñecer de primeira man os proxectos de cooperación transfronteiriça dentro da Eurocidade Tui-Valença e da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Ferreira reuniuse con repre-

sentantes da Eurocidade Tui-Valença, da AECT Río Minho, así coma das eurocidades Tomiño – Vila Nova de Cerveira, Salvaterra – Monção, e Verín – Chaves, o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e o presidente da Cámara de Valença coma representantes da Eurocidade Tui-Valença, a directora do EURES Transfronteiriço Galicia-Norte de Portugal, as valedoras da cidadanía da Eurocidade Tomiño-Cerveira, e persoas mozas emprendedoras da Eurocidade 2020 de Verín-Chaves.

BNG Baiona pide manter á Escola de Música Municipal

O BNG de Baiona enviou comunicado ao Alcalde Jesús Vázquez Almuíña coa finalidade de fixar posición sobre o mantemento do servizo da Escola de Música Municipal, aspecto que considera prioritario para a veciñanza en xeral.

O grupo nacionalista considera que o actual proceso de estabilización do emprego temporal é unha oportunidade para adecuarse a realidade do servizo e para recoñecer laboralmente as horas reais que o profesorado ven realizando de cara aos novos postos como persoal fixo do Concello



de Baiona. Segundo o comunicado, o goberno do PP en Baiona entende que debe recoñecer ao persoal só as horas recoñecidas por sentenzas xudiciais.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Galicia no IV Foro de Cooperación Municipalista en São Tomé e Príncipe

Representantes de cinco concellos socios (Nigrán, Gondomar, Burela, Allariz e Laracha) do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade participaron do 23 ao 26 de outubro no IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, organizado pola entidade galega e pola Rexión Autónoma do Príncipe nesta illa africana baixo o lema 'Gobernanza local para o desenvolvemento sostible'.

O encontro, financiado pola Xunta de Galicia, busca promover o intercambio de experiencias na xestión municipal, incrementar



o coñecemento sobre a realidade do Sur Global e fomentar alianzas internacionais. Ademais de São Tomé e Príncipe participan en-

tidades de Brasil, Mozambique e Guínea-Bissau así como de Fondos de Cooperación a nivel estatal.

BNG visita Cuba para analizar o seu proceso constitucional

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda participa en Cuba nunhas xornadas de traballo para coñecer o proceso constitucional que se está desenvolvendo actualmente no país e denunciar un bloqueo "tan longo e inxusto que dura máis de 60 anos".

Miranda mantivo un encontro coa colectividade galega e descendente de galegos residentes en Cuba. Tamén participou no encontro coa dirección da Asemblea Nacional, en especial co seu secretario Homero Acosta, cos



Presidentes de diferentes Comisións Permanentes da Asemblea e con representantes da Unión

Nacional de Escritores e Artistas de Cuba (UNEAC).

O Camiño pola Ría de Muros entra na Vía Querínísima

A Asociación de Municipios do Camiño a Santiago pola Ría de Muros Noia ingreso no Itinerario Cultural Europeo Vía Querínísima tras participar no congreso "Viaxes, intercambios, cultura e turismo: compartindo as mellores prácticas, es-

tratexias e valores", celebrado no Palazzo Grandi Stazioni de Venecia e organizado pola rexión de Nordland (Noruega) en colaboración coa Regione del Veneto e a Asociación Internacional Vía Querínísima.

'Toponimizate' percorrerá o país ata decembro



A campaña da RAG Toponimizate de recuperar a riqueza toponímica galega chegará este outono a unha dúcia de Concellos das catro provincias con charlas nas que o público coñecerá a orixe e o significado dos topónimos que designan os seus municipios, parroquias, aldeas ou accidentes xeográficos e aprenderá ademais como empregar a aplicación Galicia Nomeada, que lle permite á cidadanía colaborar na recolla de nomes de leiras, fontes, ca-

miños ou devesas que corren o risco de se perder.

As paradas da sexta edición da campaña, coordinada pola Real Academia Galega co apoio económico da Secretaría Xeral de Política Lingüística, serán desta volta Padrón, Dumbría e Narón na provincia da Coruña; Friol, Becerreá e A Pobra do Brollón na de Lugo; Maceda, Amoeiro e Trasmiras na de Ourense e Vila de Cruces, Tui, Ponte Caldelas na de Pontevedra.

Colaboración da Xunta cos comuneiros de Vigo

Os directores xerais de Planificación e Ordenación Forestal, José Luis Chan, e de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, reuníronse con responsables da Mancomunidade de Montes de Vigo para avanzar en materia de colaboración para a posta en valor e a xestión do territorio forestal da contorna da cidade olívica, así como no eido da prevención de incendios

A intención do Goberno galego é executar esta serie de actuacións na primeira metade de 2024, estando incluídas nos orzamentos de 2024, cunha dotación de arredor de 160.000 euros. Tamén levou a cabo actuacións nos montes que do concello de Nigrán e que limitan con terreos da Mancomunidade de Vigo, que supuxeron un investimento total de 260.000 euros.

CONFITERIA
Regino
Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas